

Coordinadora comarcal do PSOE en Celanova



Páxina II

Cinco millóns de quilos de uva na vendima da Ribeira Sacra



Páxina III

Reformas no Museo Arabo



Páxina VIII

A Catedral de Tui xa ten imaxe do seu 800 aniversario



Páxina IX

Oia e O Rosal apostan pola memoria colectiva



Páxina XII

Fondos FEDER para Tui, Salvaterra e Val Miñor



Páxinas IX e XIII



160 anos da Banda de Música de Chantada

Páxina V

Dous Premios Nobel no Vigo Global Summit

Páxina XV



Daron Acemoglu, economista turco, Nobel de Economía 2024.



Dimitry Muratov, xornalista ruso, Nobel da Paz 2021.

24 Aniversario

DEL 10 AL 25 DE OCTUBRE

TALLERES INFANTILES
PLAYMOBIL SKY TRAILS
SHOW DE MAGIA GAMING
ANIVERSARIO CLUB DE PONTI
OBRADOIROS EXPLORANIA
(EXPLORANDO MUNDOS MÁGICOS)

PONTE VELLA
Centro Comercial y Ocio

OURENSE

Sotelo Blanco escribe un libro homenaxe a Florencio de Arboiro

A Fundación Sotelo Blanco acaba de editar o libro "Florencio de Arboiro arte da terra" do escritor Olegario Sotelo Blanco, con limiar do ourensán Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia.

O libro de 83 páxinas de texto, oito capítulos e un anexo fotográfico, ofrécenos a súa visión persoal e íntima de Florencio de Arboiro unha figura senlleira na Ribeira Sacra. A través dun texto familiar e próximo, nacido dunha amizade que se remonta a infancia de ambos, o autor guíanos pola experiencia vital que conformou esa relación única. Este percorrido, ategado de lugares, momentos e vivencias compartidas, converte o libro nunha merecida homenaxe en forma de memoria afectiva e intelectual.

Para configurar o mosaico dun home polifacético, Sotelo Blanco retoma algúns textos e entrevistas publicados e dun fondo fotográfico, presentándonos as múltiples dimensións de Florencio: a persoa, o escultor e artista, o formador, o coleccionista, o muiñeiro e o activista cultural.



Florencio Martínez Vázquez, á esquerda, nunha exposición da súa obra no parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, en 2012.

A intención desta obra queda perfectamente ilustrada coas palabras do autor "Florencio foi unha desas persoas que se ten o privilexio de coñecer a desfrutar, desas que dan moito máis do que reciben e que sempre están cando se lles necesita. En Galicia coñecémolas como boas e xenerosas, e con iso nos abonda para entender. Unha vez máis, dou grazas por teres sido o meu amigo".

O autor do libro

Olegario Sotelo Blanco (Quintela de Mazaira. Castro Caldelas

1945) reparte a súa existencia de xubilado activo vivindo en Castro Caldelas e Barcelona sin facer ruído, pero fiel ao seu traballo por Galicia e Cataluña, a súa prezada segunda patria.

Mira sempre cara o futuro, procurando que o permanente estado de provisionalidade vital non despiste o rumbo trazado. Aínda que a súa faceta de editor e empresario marcou definitivamente a súa figura pública, tamén é un prolífico autor de ensaio e narrativa que deixa unha pegada valiosa para a cultura galega.

O PSOE constitúe a coordinadora comarcal de Celanova



Coordinadora da comarca de Celanova.

O PSdeG-PSOE de Ourense vén de organizar unha reunión en Celanova con representantes do partido na bisbarra, na que quedou constituída a coordinadora comarcal, que estará dirixida por Jesús Pereiras Vázquez, voceiro socialista no Concello de Cartelle.

Asistiron o secretario provincial do PSdeG-PSOE de Ourense, Álvaro Vila Araújo; o secretario de organización, Antonio González Fiuza; e a secretaria de política municipal, Susana Rodríguez Estévez; en representación da executiva provincial. O acto contou coa presenza de representantes dos concellos que

conforman a bisbarra: Celanova, Cartelle, Pontedeva e A Merca.

O PSdeG-PSOE de Ourense destaca que "estamos ante unha comarca que entra en xogo no partido xudicial de Ourense e na que é moi importante aumentar a nosa representación. Cabe lembrar que arestora gobernase en Ramirás, cogobernase en Celanova e tense representación nos concellos da Merca, Cartelle, Pontedeva e Padrenda. "Queremos mellorar os resultados concello a concello, conseguir representación en municipios como Gomesende, Quintela de Leirado e a Bola e aumentar o número de alcaldías e concelleiros na bisbarra".

acouBAR
Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

D'AURIA
Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

Bar Orellas
Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado.
Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico.
Queixo manchego e Arzúa.
Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

Tizar
Gourmet
Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

O Magosto de Ourense celebrarase no Parque Ribeira de Canedo

O Concello de Ourense valora celebrar a Festa do San Martiño - Magostos 2025 (martes día 11 de novembro festa local) no Parque Ribeira de Canedo.

“Queremos sempre innovar e mellorar”, manifestou Pérez Jácome, quen explicou que sería a primeira vez que o San Martiño se organizase neste parque. “Até agora desenvolvíase na zona vella, cun éxito total, pero estudiamos cambiar de escenario e experimentar outros barrios. Ademais, poucas semanas antes, o día 31 de outubro, teremos o Halloween no centro histórico e non nos gusta que dúas festas tan distintas teñan o mesmo escenario”, aseñalou.

O rexedor destacou que o Parque Ribeira de Canedo, xunto á Ponte Vella, “é un espazo precioso, que está no centro da cidade, na



Parque Ribeira de Canedo na barrio de A Ponte.

ribeira do río Miño, amplo e ideal para organizar unha festa como o Magosto. Ademais, é unha zona enorme, na que cabe máis xente ca na Praza Maior”. Pérez Jácome advertiu tamén que “levar a festa á Ponte busca tamén que os barrios vexan que forman parte clave e son protagonistas da cidade”.

O Parque Ribeira de Canedo sería escenario así da programa-

ción de actividades na súa vertente gastronómica (cos puntos de castañas, chourizos, porco ao espeto e outros), así como a actuación musical do grupo Brañas Folk, contratado polo Concello para esta celebración. A programación incluírá tamén a actuación dunha orquestra, que estará ao outro lado da ponte, xunto ao Pavillón dos Remedios.

XV Encontro internacional de Poesía

Eladio Santos, subdelegado do Goberno, agradeceu ao Círculo Poético Ourensán, composto por integrantes de México, Portugal e distintas comunidades de España, “o valioso traballo que fan para achegar a poesía a poboación”. Así llo trasladou nunha recepción con motivo do XV Encontro Internacional de Poesía. “Ourense é unha provincia moi

unida á poesía grazas a xente coma vós e estamos moi orgullosos de que as dúas últimas gañadoras do Premio Nacional de Poesía sexan ourensás”, destacou. Santos invitou ao colectivo a participar nos actos que organizará a Subdelegación do Goberno con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Cinco millóns de quilos de uva vendimadas na Ribeira Sacra



Vendimadores nos viñedos de Adega Vella en Abeleda, A Teixeira.

Na denominación de Orixe Ribeira Sacra, a data do 5 de outubro, recolléronse 4.588.133 quilos de uva, cun total de catro adegas activas, 79 finalizadas e cinco pendentes de iniciar o proceso. En canto a variedades, contabilízanse 3.536.323 quilos de uvas tintas, principalmente Mencía (3.183.589 kg), xunto con Merenzao, Garnacha e Brancellao. As uvas brancas alcanzan os 1.051.720 quilos, con predominio de Godello (914.101 kg), seguidas de Treixadura, Albariño, Branco Lexitimo e Doa Branca.

As solicitudes de visitas ás adegas da Ribeira Sacra aumentan por parte dos viaxeiros. San-

dra Seara, xerente do consorcio de turismo da Ribeira Sacra, sinala que “Cada trimestre, moitas adegas contactan con nosoutros para estar ao tanto das axudas e poder sumarse ás visitas; é un fenómeno en crecemento”.

En Adega Vella, de Abeleda (A Teixeira), o seu propietario Jorge Feijoo, comenta “queremos transmitir a idea de adega familiar que consente todo o proceso sen industrializalo. O recordo é moi importante: Ás veces o viño gústache pero non te acordas da persoa, do viñado... Queremos que a xente se acorde que estivo aquí e se a maiores fai unha compra, pois se agradece”.

Capricho
CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
Tfno. 988 981 601

ADEGA VELLA
3 GENERACIONES
Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfnos 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

BAR FUENTEFRÍA
Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos
Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

a barbería
TAPERÍA
Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

OURENSE

Ponte Vella celebra o seu 24º aniversario con actividades para toda a familia

O Centro Comercial Ponte Vella celebra o seu 24º aniversario do 10 ao 25 de outubro cunha programación especial repleta de actividades gratuítas dirixidas a todos os públicos. Visitantes, familias e amigos poderán gozar de talleres, exposicións, xogos, espectáculos e moitas sorpresas máis nun ambiente festivo que percorrerá todo o centro.

Entre as actividades máis destacadas atópase o Playmobil Sky Trails, un espazo de xogo e construción con figuras e circuítos, situado na segunda planta e dispoñible de xoves a domingo de 17 a 21h. (sábados tamén en horario de mañá de 12 a 14h). Os máis aventureiros poderán mergullarse nos Obradoiros Explorania (de 3 a 11 anos), talleres para descubrir a xungla e mundos máxicos, que se celebrarán os venres e sábados pola tarde de 16:30 a 20:30h.

O Club de Ponti tamén está de celebración, xa que cumpre o seu primeiro ano con máis de 1.500 socios. Para conmemoralo, entregárase un agasallo especial: unha foto impresa con a mascota Ponti presente, que ademais celebra o seu terceiro aniversario. Esta actividade desenvolverase do 10 ao 25 de outubro no espazo de talleres de luns a sábado de 18 a 20h.

Os máis pequenos terán o seu lugar nos talleres infantís, que durante o aniversario amplían o seu horario a toda a semana, e os amantes dos videoxogos poderán gozar do Espazo Gaming, con videoconsolas de última xeración (Nintendo Switch, Switch 2 e PS5) e un novo completo simulador racing na planta baixa. Haberá torneos e estrea de novos videoxogos.

A programación complétase cunha exposición



artística dos alumnos da Academia de Arte Simón Muñoz, que poderá visitarse a partir do 10 de outubro na segunda planta, e un gran show de maxia a cargo do mago Pablo Estévez, que poñerá o broche final ás celebracións o sábado 25 ás 19:00 horas.

Con esta ampla proposta de lecer, Ponte Vella reafirma o seu compromiso con Ourense como punto de encontro, entretemento e vida familiar, convidando a todos os cidadáns a gozar do seu 24º aniversario nun ambiente cheo de ilusión e diversión.

Fondos europeos para a provincia de Ourense

Na provincia de Ourense hai catro plans beneficiados con un total de 22 millóns de euros no reparto de fondos europeos FEDER dos plans EDIL.

Na categoría de cidades grandes está o Concello de Ourense, cunha senda de financiamento FEDER asignada de 8.730.304 euros. Na categoría de áreas funcionais figuran tres asociacións de Concellos. Dúas delas teñen por entidade solicitante á Deputación de Ourense e obteñen cada unha 4.365.152 euros. Unha está liderada por Bar-

badás e inclúe a San Cibrao das Viñas e O Pereiro de Aguiar. A outra, encabezada polo Barco de Valdeorras, aglutina aos municipios de A Rúa, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, O Bolo, Petín e Rubiá. Tamén obtivo 4.365.152 euros a asociación composta por Verín, Cualedro, Monterrei, Oímbra, Laza, Vilardevós, Castrelo de Val, A Mezquita, Riós e A Gudiña.

Estes fondos serán para cubrir o 60% do importe dos proxectos dos respectivos plans EDIL que se vaian realizando ate o 31 de decembro de 2029.

Carreira Pedestre Popular de San Martiño

O Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense abre o prazo de inscrición na edición número 48 da Carreira Pedestre Popular de San Martiño, que este ano se desenvolverá o domingo, 9 de novembro, cun percorrido inédito, sobre unha distancia de 10 quilómetros. A carreira absoluta sairá ás 11.00 h da Ponte do Milenio e remata na Praza de Concepción Arenal.

A proba está aberta tanto a atletas con licenza federativa como a corredores e corredoras populares. As inscricións pode-

ranse realizar até o 2 de novembro a través da páxina web Carreiras Galegas, por 5 euros até o 22 de outubro e por 7 euros despois. Tamén se poderá realizar unha doazón económica en favor de Afaor na pasarela de inscrición ou a través do Dorsal 0.

Este ano, como novidade, haberá unha carreira diferente por categoría: Sub18 (12.10h), Sub16 (12.20 h) Sub14 (12.30 h): de 4.5 qm de distancia; Sub12 (12.50 h) e Sub10 (13.05 h): 1,1 qm e a Carreira inclusiva (13.20 h), tamén de 1,1 qm.

Xantar
26º Saló Internacional de Turismo Gastronómico

Ourense, do 20 ao 23 de novembro de 2025

www.xantar.org

Expourense | XUNTA DE GALICIA | galicia | DEPUTACIÓN OURENSE | OURENSE | Concello de OURENSE

A Banda de Música de Chantada celebra os 160 anos con concertos

A Banda de Música de Chantada é unha das agrupacións musicais máis antigas de Galicia. Constituíuse no ano 1865 da man dos irmáns Manuel e Antonio Fernández, "Os Ferraias", tomando o nome de Banda dos Ferraias, xa que tiñan sete compoñentes da devandita familia. Os dous irmáns fixéronse cargo dun pequeno grupo de músicos aos que ensinaban na súa casa, e animaban as festas dos lugares próximos. Os Ferraias foron quen compuxeron os primeiros acordes da famosísima "Muiñeira de Chantada", sendo Victorino Fernández García fillo de Manuel quen lle terminou de dar os últimos arranxos. Esta agrupación musical nin sequera nos anos da Guerra Civil deixou de tocar. A saída de emigrantes a América e Europa foi outro inconvinte para o colectivo musical. Máis recentemente, por mor da pandemia, non se realizaron ensaios nin actuacións durante dous anos.

Na programación anual da banda destaca o festival do mes de agosto. Celébrase desde hai trinta anos o domingo das festas patronais pola tarde actuando ante un nutrido público. Un dos propulsores deste festival de verán foi Emilio Vázquez "Manecho" que



Actuación da banda baixo a dirección de José Manuel Mosquera.

presidía a Federación Galega de Bandas. Actualmente, o festival de bandas de música está moi consolidado como un dos máis antigos dos que se fan en Galicia. O traballo e traxectoria da banda mereceu ao longo destes anos moitos aplausos e recoñecementos. Entre eles destaca un premio Martín Códax. Foille outorgado en Pontevedra na edición de outubro de 2021.

A tempada de actuacións comeza oficialmente cada ano con motivo da Feira do Viño de Chantada, a segunda fin de semana de marzo. O calendario sigue co festival de bandas nas festas patronais de agosto e co Outono Musical "Lourdes Vázquez Ledo".

Director

Dende 2021, Carlos Timiraos

é o director da agrupación. Con 40 anos de idade, leva xa catro á fronte da formación, na que tomou o relevo de José Manuel Mosquera. Antes foi responsable das formacións musicais de Viveiro e Foz.

"No apartado musical, para min traballar con esta banda é unha gozada absoluta, porque deseñamos unha programación temática anual. A primeira foi 'Sinexias' e a deste ano chámase 'Identidade'", explica Timiraos.

O director da banda de música apunta que esta dinámica "fai que cada mes teñamos que desenvolver un traballo distinto e iso enriqueceme moito, fai que estea sempre moi activo". Timiraos considera que dese xeito, Chantada e a súa contorna teñen

"unha oferta cultural moi completa". A agrupación recibiu hai dous anos un galardón na súa categoría dos premios Martín Códax. "Síntome moi a gusto con eles, porque son un grupo moi

sólido e unido", declara.

A banda amosará nas actuacións como a vila chantadesa foi inspiración para moitos músicos que decidiron deixar rexistro musical dos seus recordos. O repertorio irá moito máis alá da muiñeira.

O público escoitará pasodobres coma 'Chantada', moi interpretado polas bandas nas alboradas e que leva a muiñeira na súa parte final; 'O Chantadino', do mestre Groba; 'O Rato', adicado ao presidente de honra da banda, Antonio Serafín Ledo Palacios; ou 'Recordando Chantada', do mestre portugués Fernando Ferreira da Costa; entre outras pezas que tratarán de divulgar moita música inspirada en Chantada.

Outono Musical en Chantada

A Banda de Música de Chantada está constituída na actualidade por corenta membros de idades comprendidas entre os 14 e os 72 anos. Lucía Fernández pertence á agrupación musical desde o ano 2008. Desde febreiro pasado é a presidenta do colectivo e sinala que están centrados no 'Outono musical', que empeza agora en outubro. Os tres últimos fins de

semana haberá varios concertos. "Todos eles están dedicados a unha compañeira que faleceu nun accidente de tráfico. O primeiro é o sábado 11, dun grupo de instrumentos de vento de madeira. O seguinte é de instrumentos de vento de metal o día 18 e o último, o 25, un concerto ligado con temas radiofónicos do que non podo contar máis porque é sorpresa".

Parabéns á Banda de Música de Chantada

Café Maio
988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE

Bar Orellas
O AUTÉNTICO

988 22 50 39
Rúa da Paz, 6
Ourense

A OFICINA
Bar de petiscos

Fixemos reformas para comodidade dos nosos clientes

Tfno. 988 31 80 83
Juan de Angas, 12
O COUTO (Ourense)

Alvarez Real

Lugo • A Coruña • Madrid • A Barreira • A Pontenova • Bretoña
Chantada • Escairón • Guitiriz • Monforte de Lemos • Quiroga • Ribadeo

OPINIÓN

Por Isidoro Gracia

Cando a masa actúa faio só dunha maneira, lincha

Os que por idade ou cultura temos o malo costume de analizar a actualidade para tentar albiscar a que futuro nos conduce, adoitamos facelo re- lendo o que, en situacións similares do pasado, persoas sabias escribiron, e claro a día de hoxe non gañamos para desgustos.

A frase do título é de Ortega e Gasset cando predixo unha posible guerra mundial (Niso equivocouse, foron dúas) o mal papel dunha Europa que podía evitalo e as posibles repercusións na España do século XX, nisto último acertou de cheo.

Outras persoas aceptadas como sabias coinciden con Ortega en como se pode evitar chegar a que se xere esa masa linchadora e que o conxunto dos cidadáns que conforman unha nación convivan en paz e gocen dunha gobernanza adecuada, por exemplo Montesquieu é meridianamente claro: “En épocas de ignorancia non se teñen dúbidas, nin sequera cando se ocasionan os males mais graves”, polo que é conveniente que “o pobo estea ilustrado”.

Seguindo co mesmo referente de Ortega e Gasset, calquera goberno en democracia, para exercer a súa autoridade e mando necesita facelo fundado na opinión pública, e para que poida facelo de forma tranquila supeditao a que esa opinión pública xérese por cidadáns formados e informados, e non polo que define como home-masa “que ten só apetitos, cre que só ten dereitos e non cre que ten obrigacións...”.



E aquí caio en que boa parte dos individuos da actual xeración de apetitos e esixencias de dereitos, que lle regalamos xeracións anteriores, están ben servidos, e que a inmensa maior parte da información e formación recíbena, de forma masiva e deformada, e que non é a través das institucións de ensino, senón desde unhas redes sociais propiedade dunha minoría, moi minoritaria, que detenta a inmensa maior parte da riqueza que o planeta e o traballo de millóns de persoas achegan a diario. Resultado, o home-masa anunciado a principios do pasado século é hoxe o espécime mais abundante, desde logo en Europa, España incluída.

En teoría os 80 anos de paz e abundancia, paz algo imperfecta e abundancia só razoa-

blemente redistribuída, que se gozaron nos Estados do territorio da Unión Europea deberían servir para que tanto os cidadáns europeos como as organizacións políticas en que se organizan, constataren e asumisen que paz e abundancia de bens e liberdades é algo que vale a pena defender coa colaboración de todos. Pero non, parece ser que os “ismos” fomentados desde os distintos medios: individualismos, nacionalismos, supremacismos, radicalismos relixiosos ou sociais, etc. foron substituíndo os valores e virtudes que permitiron ese raro e longo período de benestar para case todos, por outros coas súas raíces no fanatismo e o instinto irracional, ambos os caldos de cultivos xeradores de homes-masa.

Os partidos e outras organizacións foron motores que impulsaron as teses que permitiron esa bonanza, e entre o liberalismo individualista e o colectivismo soviético foron atopando fórmulas políticas capaces de incluír intereses e ideas aceptables ou a lo menos admisibles para a maioría. O que eu me identifique cunha socialdemocracia avanzada e un sindicalismo militante, non me impide valorar as propostas como as de partidos que incluíron nos seus programas o que propugna unha encíclica do Papa León XIII. Pero se se consuma o reaccionario salto atrás que xa sen ningún disimulo ofrecen como “bálsamo de Fierabras”, partidos e outras organizacións sectarias en todos os países europeos e moi concretamente dous partidos españois, a posibilidade de que terminemos vivindo episodios similares aos que Ortega predixo hai 100 anos aumenta case exponencialmente.

Por centrarnos nos de casa, que os partidos nacionalistas aumenten o seu peso

na gobernanza a calquera nivel, local, autonómico ou estatal, é froito dunha exacerbación individualista que fai atractivo o espírito de tribo, que podería ser contrapesado por proxectos baseados nunha condición humana como a de vivir do traballo propio, no canto de por o feito aleatorio e meramente circunstancial de nacer ou residir nun territorio determinado. Que partidos auto-nomeados neo-fascistas ou neonazis lograsen acceder a Gobernos nalgúns estados europeos han potenciado o discurso de VOX o que incrementa substancialmente os riscos de perda de valores democráticos e de dereitos conseguidos a un alto custo.

Con todo os riscos maiores resultan de derivaa pouco racional dun partido, teoricamente de goberno como o PP, certo é que aínda que acolle a persoas democraticamente conservadoras, non é menos certo que unha boa porcentaxe dos seus militantes e dirixentes teñen no seu currículo político diplomas e #máster de franquismo. Creo que ignoran que as experiencias históricas demostran que os partidos extremos dan un tratamento de primeiras vítimas aos moderados da súa corda.

Unha curiosidade, a súa estratexia de “apoiar todo o que o adversario (ou inimigo) combata e opoñerse a todo o que o adversario (inimigo) propoña” non ten como autor a ningún liberal extremo senón a un tal Mao, como pode comprobarse no seu Libro Vermello (edición en castelán páx. 15). Todos caemos en contradicións pero esta parécese digna de resaltar.



Por Nemésio Barxa

Verão negro

Pode ser agosto-setembro un período com mal fario para a luta antifascista? Ou casualmente a repressão franquista teve especial atividade. Na Galiza agosto de há 50 anos foi um mês negro para o nacionalismo e para os lutadores antifascistas e pela liberdade. O 12 de agosto produziu-se o mais combinado ataque policial contra os nacionalistas, especialmente da UPG, que levou aos calabozos policiais e ao cárcere a muitos militantes, mentras outros tiveram que fugir ao monte ou exiliar-se em Portugal. Aniversario de médio século de triste lembranças O 12 de agosto de 1.975 tivemos

que chorar o assassinato, baleado pô-las costas, de Moncho Reboiras, em Ferrol por uma polícia franquista, acobardada ante o que consideravam magnitude do seu serviço essa noite e que a pesar dos 200 ou 300 policias (segundo os jornais da época) congregados ao redor do andar franco descoberto em Ferrol, incapazes de deter a seus ocupantes houve disparos dos mesmos policias e dous deles dispararam pelas costas a Moncho Reboiras que circulava por uma rua; ferido de morte refugiou-se num portal, onde morreu dessangrado, arredor do que a policia montou um circo de disparos, lançamento de bombas de fumo, assalto ao interior utilizando um poste de madeira para atopar no interior o cadáver de Reboiras, montando um circo

para justificar uma covarde e penosa intervenção. Reboiras foi declarado vitima da ditadura.

No setembro a seguir, mesmo ano 1.975 e dia 27, completaram-se 50 anos do fuzilamento em Hoyo de Manzanares de dois vigueses, membros do FRAP, os antifascistas Xosé Humberto Baena e Xosé Luis Sanchez Bravo, e com eles Ramon G^a Sanz, que enfrentaram a morte negando-se a que se lhes vendaram os olhos. O clamor mundial, incluso do Vaticano, para revogar a pena de morte não amoleceu o pedregoso coração do ditador, que estava seguro de não se topar com eles no mais alá (uns iriam ao Inferno e o outro ao Céu) a onde os seguiu escassos meses mais tarde. Condenados em um de aqueles juízos-farsa, sem

provas, com uma declaração obtida baixo tortura, e mantendo sempre Baena sua inocência. Em agosto de 2.025 o Governo declarou ilegal e nulo o juízo.

Também neste mês de setembro, dois anos antes, 1.973, os esbirros do Sanguinário torturaram e envenenaram, tendo-o baixo custodia no Hospital de Reus, a Cipriano Martos, igualmente militante do FRAP. No médio, ano de 1.974, ainda que em março, assassinavam a garrote vil ao militante do MIL, Puig Antich, condena declarada nula em 2,024.

Quinta do Limoeiro, setembro de 2.025



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLANTICO
JORNAL GALEGO-PORTUGUÊS DA GALLICIA

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Tod@s somos Cristina Fallarás

A xornalista e escritora Cristina Fallarás deulle voz pública a milleiros de testemuños anónimos de violencia e acoso sexual, principalmente a través da súa conta de Instagram e a iniciativa #Cuéntalo. Este movemento xurdiu a raíz da sentenza da "Manada" de San Fermín en 2018. Fallarás facilitou unha plataforma para que as mulleres puidesen compartir os seus relatos de violencia sexual de forma anónima, sen necesidade de presentar unha denuncia formal. A idea era visibilizar a dimensión e a natureza da violencia sexual máis alá do que tradicionalmente se entende por violación (como a agresión sexual no ámbito familiar, laboral, ou en círculos de confianza). Recompilou máis de 5.000 testemuños. Parte deles publicounos no seu libro "No publiques mi nome. Testimonios contra la violencia sexual".

Moitas vítimas, no exercicio do seu lexítimo dereito, optan por non denunciar polas canles xurídicas debido á vergoña, o medo a non ser cridas, ou o temor ao agresor e ao proceso xudicial. Mais aínda, dende o punto de vista da resposta penal non poucos dos casos denunciados están xa prescritos en termos xurídicos. Fallarás defende o dereito das mulleres a narrar a



súa verdade sen ter que "por o corpo" ou o nome ante a xustiza. Garante o anonimato das vítimas, mais tampouco racha o anonimato dos denunciados. Se alguén considera que o relato permite identificalo ten na súa man accións penais ou civís en defensa do seu dereito á honra, mesmo coa posibilidade de pedir medidas cautelares que impidan provisionalmente a difusión do relato no que lle atinxe. Non se coñece caso ningún, fóra o do rapeiro andaluz Ajax, que se limitou á acción civil correspondente, sen

A visibilidade do seu traballo (máis de cinco mil testemuños de violencia sexual e máis de tres millóns de interaccións en 16 Estados nas primeiras dúas semanas) converteuna nun obxectivo de ataques por parte da ultradereita, principalmente do partido Vox. Fallarás denunciou que está a ser obxecto dunha intensa campaña de acoso, sinalamento e odio orquestrada por Vox, que a utiliza para gañar apoio e afiliar xente á súa causa (usando a súa imaxe como un "marcador" contra o que cargar). Das resultas deste acoso Cristina ten recibido ameazas de morte (a ela e aos seus fillos) e agresións verbais nas redes sociais, pero tamén sufrido violencia directa na rúa (golpes, cuspiñadas, acoso por parte de individuos que a esperan na porta da súa casa), o que a fai sentirse en perigo. Fronte este acoso da extrema dereita os mecanismos do Estado de Dereito non están a funcionar. o que agrava substancialmente a súa sensación de vulnerabilidade.

O que non pode ser nin nomeado nin relatado polas vítimas é moi difícil que poida existir na axenda pública. Cristina Fallarás é unha figura central na visibilización da violencia sexual a través da voz anónima das vítimas. Porén, este traballo levouna a ser o branco dunha perigosísima campaña de acoso político e social, liderada por Vox e apoiada por outros sectores extremistas, supremacistas e antidemócratas

que mesmo amplifican a súa mensaxe nas beiras da violencia política.

Fronte ao odio do extremismo supremacista tod@s somos Cristina Fallarás.

Francisco Miguel e Xosé Humberto Baena: o franquismo naceu e morreu matando.

O 29-S de 1936 a Xunta militar de feito promoveu á caudillaxe ao xeneral Franco. Nese mesmo día foi asasinado en Bertoa-Carballo o grande pintor galego Francisco Miguel. Até de agora a súa familia non recibira os seus restos mortais, que ficaran no lugar do crime. Este luns 29-S será soterrado no cemiterio da Coruña logo de ser homenaxeado pola cidadanía coruñesa no Pazo do Concello.

O 27-S de 1975 o mozo vigués Xosé Humberto Baena foi asasinado por orde do ditador Franco, a medio da confirmación dunha inxusta sentenza dun tribunal militar ilexítimo. Canda él, foron asasinados polo aparello represivo franquista naquela alba José Luis Sánchez Bravo, Ramón García Sanz, Juan Paredes Manot (Txiki) e máis Angel Otaegi.

Aquel réxime franquista, inconstitucional de orixe e ilexítimo no seu desenvolvemento, naceu e morreu matando, Cómpre non esquecerlo e transmitírllelo, día si e día tamén, á xente nova.



Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Entre amigas

Claro que si, falando entre amigas sempre chegamos á conclusión de que o mal está lonxe anque, e hai que recoñecelo, tamén está aquí no noso arredor. Moito máis preto do que pensamos. E si, a nosa sociedade, ten alzheimer coa súa historia máis próxima, xunto con outras doenzas coma individualités, egoistités, hedonistités, consumistités, ...e un longo, pero moi longo etcétera. Aínda hai algo que é peor, está presente nas persoas disimulado nese falar -que non ten cancelas- e, privado dese facer que só se expresa en feitos. Hai, máxica lingua, que é capaz de dicir o contrario do que se fai e do que se pensa. En realidade é a mentira que hoxe cotiza alto en todos os faladoiros e foros de intervención.

Hai alguén que critica as privatizacións pero ao mesmo tempo que o di, por detrás privatiza canto pode e invita a outros a facelo e, mesmo, promove esa privatización teimuda onde abeiraban dereitos sociais. Igual pasa nos concellos que desmunicipalizan servizos e por desgraza tamén partidos moi nosos, que tampouco lle fan moitos ascos a iso de privatizar dándose de esquerdas. Fano con sixilo e nocturnidade. Din por un lado e fan polo outro o



contrario do que din e pregoan, mesmo prometeron.

Son, somos, resultado desas mamarachadas históricas de masas que se ocultan en artificios e que nos fan pasar diante dos demais por parvos. Espectacularizan o poder, nese fanatismo de ocultar e ocultarse. Deberían saber que esa covardía pode manterse encuberta, pero cando se descobre alenta xenreiras e rancores que despois ninguén controla nin asume e, en todo caso, sempre polarizan e enfrontan, dividen. Supoñen unha ofensa, no exceso de non

crer nin a súa evidencia, pois néganse a si mesmos. Habitan a mentira, a falta de compromiso e de definición. Esa que sabe quen é a persoa que agride e quen é foi agredido, que sabe quen rouba e quen foi roubado, que sabe quen foi vítima e quen verdugo. Non debemos deixar que se oculten en boas maneiras, en verbas sedutoras e desculpas imprecisas cheas de adornos. Detrás dunha voz sonora e chea de razóns, de veludo nese encanto das sereas pardas. Sabemos que o seu delito vén sendo un suicidio colectivo. Se non somos quen

de saber onde estamos e facer o que debemos, merecemos pasar polas que pasamos. Unha sociedade, calquera, ten que se facer cargo de ser quen é e berrar loitando para que así se recoñeza o noso lugar no tempo e no espazo.

É vergoñenta, por exemplo, a declaración do Concello de Mos tapando ou querendo faltar á actitude exemplar de Galiza na "Vuelta". Falan de que "trataron de impedila en varios puntos da mesma". Pero, é máis importante a carreira ciclista que dar conta de todas as agresións sufridas? Quen son

os que mandan en Mos, que non se atopan e non se dan conta. Orgullosos da actitude da Galiza ao ver esas interrupcións e ver, desde onde non pasa a carreira outra xente que é quen de erguer a bandeira Palestina, a verdade. Esas equidistancias peregrinas que creou esta sociedade crea a posibilidade de poder estar con Palestina e vender armas a Israel. Pero nós non debemos caer na trampa!

Non entendo tampouco que aqueles que sofren exclusión se sumen aos discursos excluíntes. Parece que estamos todos tolos. Este é o resultado das urxencias, dos desgovernos, do cinismo, dos acenos compasivos dos que rouban e tiranizan, da multi-funcionalidade das redes "sociais" onde cada quen campa como lle peta, desde anonimatos ou desde foros odiadores que catapultan a calquera, para que se someta. Alí están, onde se perde o rostro e todos miran o baleiro, nese lugar exacto da podremia onde cada quen espeluxa aos demais e fai da súa capa un saio. As feridas quedan, somos sociedade ferida por mor da vontade obtusa dos traidores. Que non esquezan isto: a capacidade de perdoar non a ten todo o mundo e algúns delitos perduran máis alá das limpas memorias.



CONDADO/PARADANTA

Reformas no Museo Arabo

O Concello de Arbo iniciará unha serie de melloras no Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea, coñecido como Museo Arabo, tanto no interior como no exterior destacando traballos de pintura, carpintería e albanería, ademais da incorporación de novos apeiros vitivinícolas e unha exposición actualizada sobre o traballo do liño en Arbo.

O investimento total ascende a 40.000€, financiados con fondos propios do Concello. O edificio manterá pechado o seu acceso do 15 de outubro ao 26 de novembro para realizar as obras de mellora.

Así mesmo, asinouse un convenio coa Deputación de Ponte-



vedra para dotar ao museo de novos elementos, entre os que se atopan o cambio de paneis na zona dedicada ao viño e a incorporación dun vídeo promocional que difunde os recursos turísticos de Arbo. Esta acción, por valor de 17.970€, pretende fortalecer

a promoción do patrimonio do municipio e atraer a un público máis amplo. Doutra banda, o Museo Arabo recibirá unha achega adicional financiada pola Xunta de Galicia, consistente na incorporación dun novo vídeo sobre o ciclo vital da lamprea.

Outono cultural en Arbo

O Concello presentou a programación cultural para outubro e novembro que combina eventos tradicionais con propostas culturais e musicais.

Destacan o curso de formación para mulleres, a Festa da Colleita o 11 e 12 de outubro en Sela,



teatro infantil "Petróglifos" o día 24 na biblioteca, a velada de boxeo o día 25 no pavillón, a Festa de Samaín o 31 de outubro no auditorio, O X Magosto Popular o 2 de novembro na Praza do Concello e o Concerto de Santa Icíá o 15 de novembro no auditorio.

Mobilidade na Igrexa de San Xoán de Barcela

Un investimento total de 405.000€ financiados nun 90% por parte da Deputación, o Concello de Arbo rematou a Fase I das reformas na Igrexa de San Xoán de Barcela centrada na mobilidade peonil e a adecuación do espazo urbano para a conservación do seu patrimonio.

O conxunto de obras realizado incluíu a pavimentación de camiños peonís, a instalación de mobiliario urbano, sinalización adecuada, así como medidas que garanten a accesibilidade universal. A intervención priorizou a



creación dun espazo confortable para pasear, atoparse e celebrar

eventos culturais, preservando a esencia histórica da contorna.

Velada de boxeo en Arbo



O Pavillón Municipal de Arbo acollerá o 25 de outubro a I Velada de Boxeo con máis de dez combates entre boxeo amateur e neoprofesional. O evento, organizado polo Club Deportivo SAGABOX de

Vigo, coa Colaboración do Concello e comercio local, ten como principal atractivo a participación do campión na categoría welter Dani Castro, célebre pola súa implicación na promoción deste deporte en Arbo.

Obras en pistas de Sela

O Concello de Arbo concluíu as obras de rehabilitación e ampliación de varios viais na parroquia de Sela, nun esforzo por mellorar a seguridade viaria, a accesibilidade e a mobilidade nesta zona do municipio. Os traballos, que contaron cun investimento total de 60.859,91€, incluíron a ampliación de dous viais no núcleo



de Eidos de Abaixo e a rehabilitación do pavimento nun tramo do vial do barrio de Eidos de Arriba.

Concurso de carteis para a Festa da Lamprea

O Concello de Arbo abriu o prazo de presentación de propostas para o concurso de carteis da LXVI Festa da Lamprea, que terá lugar os días 24, 25 e 26 de abril de 2026. Os traballos deben destacar elementos culturais, patri-

moniais e etnográficos ligados á Lamprea e o seu contexto en Arbo. O prazo para a entrega das propostas finalizará o vindeiro 29 de decembro. O primeiro premio será de 1.000€; o segundo de 600€; e o terceiro de 400€.

Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos

Avda. Galicia
Ponteareas

Ferretería
y pinturas

Tif.: 986 669 955

Permitido acceso de vehículos
zona carga y descarga max. 15 minutos

Rúa do Salgueiro, 7 Ponteareas

Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
Dello Rodríguez nº4 baixo
36860 Ponteareas
agrovitis@agrovitis.es
www.agrovitis.es

Fondos FEDER para Tui e Salvaterra

A través da constitución dunha Área Funcional, Tui e Salvaterra acadaron a concesión dunha nova achega de fondos europeos FEDER. Tui recibirá 4.365.152€ destinados ao desenvolvemento do Plan EDIL. Esta achega permitirá mobilizar un investimento global de 7.275.253 € que transformarán o municipio e mellorarán ás infraestruturas das parroquias.

Tui e Salvaterra de Miño cons-



tituíron esta Área Funcional, sumando así máis de 20 mil habi-

tantes, para poder concorrer a esta convocatoria. O río Miño é o eixo vertebrador deste proxecto, cunha unha serie de actuacións nas parroquias ribeireñas de Areas, Baldráns, Paramos, e Caldelas co obxectivo de levar a cabo a recuperación de elementos patrimoniais, adecuar zonas verdes, e actuar no ámbito da mobilidade, sostibilidade urbana, a rexeneración de espazos públicos, e a cohesión social.

X Concurso "Pinta Tui"

O domingo 26 de outubro, as rúas de Tui converteiranse nun obradoiro artístico ao aire libre coa celebración da décima edición do Concurso de Pintura "Pinta Tui". Este evento está organizado por Artes Creativas Efectos, contando co patrocinio do Concello. O concurso contempla tres categorías:



maiores de 18 anos, persoas con idades entre os 12 e os 17 anos, e menores de 11 anos.

As obras premiadas, xunto con aquelas non premiadas que o desexen, formarán parte dunha exposición colectiva na Sala Municipal de Exposicións do Concello de Tui, situada no edificio Francisco Sánchez, en datas a determinar.

Lectura feminista en "Tempo de Mulleres"

Promovido polo Concello de Tui e a Asociación Berra, este 13 de outubro, o club de lectura feminista "Tempo de Mulleres" inicia unha nova temporada celebrando o Día das Escritoras, data do pasamento de Santa Teresa de Jesús. O lema



desta ano é "1975: Escribide, compañeiras!", que se converte nun recoñecemento ás autoras que hai 50 anos abriron camiño nun contexto de transición política e social, reivindicando coa súa palabra a igualdade e a liberdade.

Xeotermia na Casa Consistorial da Cañiza

O Alcalde Luis Piña anunciou que o novo sistema de xeotermia instalado na Casa Consistorial e iniciado en 2019 xa está en funcionamento. A nova instalación permitirá aforros enerxéticos de ata o 65% e evitará a emisión de máis de 20 toneladas de CO₂ ao ano

A obra formou parte do proxecto "Instalacións Xeotérmicas



Sostibles II", integrado no Pro-

grama de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Programa DUS 5000) Unha actuación que supuxo un investimento total de 227.892,61 €, financiado en gran parte polo IDAE (85%, con 193.708,71 €) e pola Deputación. O Concello investiu o 7%, equivalente a 15.952,49 €.

Limpeza no río Tea



Un total de 20 voluntario/as da asociación Lazoiro sumáronse á Limpeza Simultánea dos Ríos Galegos, impulsada polo Proxecto Ríos e que tivo lugar

dende o Cordeiro na parroquia de Alxén ata a zona coñecida como Os Muíños en Salvaterra, onde retiraron 200 quilos de lixo, entre eles un colector de lixo nas marxes do río Tea.

Humanización da Capela de San Roque

A plataforma de contratación do sector público anunciou a licitación por 553.000€ da obra de humanización do entorno da Capela de San Roque, na parroquia de Cabreira en Salvaterra, financiada pola Deputación Provincial.

O entorno da capela, actualmente con pavimento de asfalto e sen zonas de tránsito peonil, será pavimentada con lousa de granito e formigón gris cepillado co obxectivo de priorizar o uso peonil, que contará cun ancho



mínimo para o peón de 2,5m. Ademais porase iluminación LED, renovarase ás infraestruturas soterradas e colocaranse bancos e xardineiras.

Actividades para exercitar a memoria, en As Neves

A concellería de Igualdade deu comezo aos obradoiros de exercitación da memoria en As Neves e Taboexa grazas a unha subvención da Deputación Pontevedra. O alcalde e a concelleira de Servizos Sociais, Voluntariado e Deporte acompañaron ás participantes no pistoletazo de saída a esta actividade que combina apren-



dízaxe, socialización e diversión, traballando a mente e fortalecendo as habilidades cognitivas en boa compañía.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN
 637 764 865
 www.cerrajeroremendon.es
 24h.

Talleres Guiller Motor
 Puzo-Lira, 24
 36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
 Venta de vehículos usados
 Tel./Fax 986 66 15 41
 (SPG) TALLERES

LA OJIVA
 ESPACIO GASTRONÓMICO
 San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño
 Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

12,3M€, os orzamentos máis altos da historia de Tui

O Concello ten xa en vigor o orzamento máis alto da súa historia por importe de 12.368.603,43 €, tras ser publicado no Boletín Oficial da Provincia o Presuposto, Cadro de Personal e as súas Bases de Execución para o exercicio 2025.

Os orzamentos aprobáronse inicialmente vinculados a unha cuestión de confianza presentada polo alcalde Enrique Cabaleiro, tras ser rexeitadas as contas en pleno. Tras a exposición ao público foron aprobadas definitivamente. Caba-



leiro adiantou que xa están a traballar nos orzamentos 2026, que agarda poder levalo a pleno para a súa aprobación en novembro.

Alumeado LED en tódalas parroquias tudenses

O Concello de Tui fai unha aposta pola sustentabilidade, o medio ambiente e o aforro enerxético acometendo o proxecto de cambio do alumeado público das once Concello de Tui, vai cambiar todos os puntos de alumeado público das 11 parroquias a tecnoloxía LED.

A actuación suporá un investimento de 3.176.793,76 € e conllevará a substitución de 4.721 puntos de luz e 94 cadros de mando, nos que se incorporan novas tecnoloxías como telexestión.

O Concello de Tui fará fronte a este investimento a través da segunda convocatoria do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións de iluminación exterior municipal (Proxectos Singulares Ilu-



minación Municipal) a través do IDAE. Este programa de incentivos establece a modalidade de préstamo reembolsable sen interese, sendo compatible con outras axudas que puideran ser concedidas, para a mesma finalidade, por parte doutra administración pública, organismo ou ente público, nacional ou internacional.

O proxecto do Concello de Tui foi o único aprobado nesta convocatoria na provincia de Ponte-

vedra e un dos sete de toda Galicia beneficiarios destas axudas, e o que maior contía recibirá. En concreto Tui tivo 76,34 puntos na baremación das solicitudes situándose no posto 48 entre un total de 70 beneficiarios seleccionados por concorrencia competitiva de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria.

Grazas a esta achega o Concello vai actuar en 4.721 dos 6.415 puntos de luz distribuídos no termo municipal, o que supón o 67% do alumeado municipal. O cambio a tecnoloxía led suporá un aforro enerxético do 57.24%. A redución de consumo en kWh/Ano será de 899486,70 e de 254,52 toneladas de CO2 a que se deixaran de emitir a atmosfera.

2 leguas da Eurocidade

O 2 de novembro terá lugar a III edición da carreira "2 leguas da Eurocidade" entre Valença e Tui, con 10 quilómetros que pasarán pola Ponte In-

ternacional, as marxes do Río Miño e o centro histórico de Tui e a Fortaleza de Valença. Tamén haberá probas infantís, adolescente e de 5 quilómetros pola Fortaleza.



PP: "O Concello hipoteca a economía municipal"

O voceiro do PP de Tui, Nico Montes, denunciou que o goberno de Enrique Cabaleiro pretende hipotecar ao Concello cun préstamo do Estado a dez anos por importe de 3,17M€ para a renovación do alumado público. Consideran que esta operación "chega logo de esgotar boa parte do remanente de tesoure-

ría, que se reduciu de máis de 11M€ a pouco máis de 3M€ dispoñibles na actualidade".

Montes considera que que "devolver este préstamo a 10 anos, aínda que sexa sen xuros, tradúcese nunha carga media de 317.000€ anuais, unha auténtica hipoteca" o que "vai afondar aínda máis na xa delicada situación económica do Concello".

Contra o xenocidio en Gaza



Sumándose á convocatoria da FEGAMP, a praza do Concello acolleu un acto público contra o xenocidio do pobo palestino en Gaza e para amosar

unha condena enérxica e a repulsa ao antisemitismo e islamofobia, reafirmando o compromiso respecto a todas as comunidades, culturas e relixións.

Autobús do Teatro

O 16 de outubro, Tui volve subir ao Autobús do Teatro para acudir a Santiago á representación de "A serie clopen" do Centro Dramático Galego no Salón Teatro, dentro do seu programa de mobilidade no que participa o Concello.

"A serie clopen" combina as artes circenses coas matemáticas

e a historia para ofrecer unha reflexión crítica sobre os retos aos que se enfrenta a mocidade actual. O espectáculo está dirixido por Pablo Reboleiro, que é o autor da dramaturxia xunto a Clara Gayo. O elenco está formado por Marián Bañobre, Luz García, Johanna Hesse, Raquel Oitavén, Natalia Pajarito, Inés Santos e Guillermo Solo.

Máis información na nosa web

www.novasdоеixoatlantico.com

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontareas T. 986 66 00 00

Reforzo Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACION DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

Outono cultural

Do 27 de setembro ao 22 de novembro, o Teatro Municipal de Tui dará curso a unha programación de outono conformada por nove espectáculos de música, teatro, cinema, maxia e monólogos para público de todas as idades.

A programación abre co concerto de "Ingrávida" de Mercedes Peón repasando un cuarto de século sobre os escenarios, e pechará coa despedida da compañía A Panadaria e da súa obra "As que limpan" tralo seu percorrido polos escenarios galegos e estatais. Destacan tamén as obras teatrais Redrum Teatro e Os Náufragos, a




maxia de "Singularia", o regreso de Ibufrofeno Teatro e Empatía Teatro, o concerto para bebés de Davide González e Iria Pinheiro e a proxección de "Sirat" de Oliver

Laxe, filme seleccionado para representar a España nos Premios Óscar e e tamén seleccionado para Premio do Xurado en Cannes.

A imaxe do 800 aniversario da Catedral de Tui

A Comisión Organizadora dos 800 anos da Consagración da Catedral de Tui presentou públicamente este 30 de setembro a imaxe de marca desta conmemoración realizada pola empresa Anónimo.

No acto realizado no Espazo Sociocultural participaron o Alcalde Enrique Cabaleiro; José Diéguez Dieppa, deán da Catedral de Tui; Ana Lozano, da empresa Anónimo; e as concelleiras de Turismo e Patrimonio, Ana María Núñez; e de Cultura, Sonsoles Vicente Solla.



Lozano explicou que o deseño "condensa a esencia dunha das Catedrais máis antigas de España", compatibilizando "historia con modernidade" e combinando "figuras xeométricas cos elementos litúrxicos" nas que se inclúen a fachada principal da Catedral e o carácter amurallado do Pórtico dentro dunha harmonía cromática en vermello e celeste. A imaxe de marca está adaptada a tódolos formatos dixitais para a súa debida campaña de difusión e de comunicación.

Máis de 300 participantes no "Setembro Xudeu"

O programa "Setembro Xudeu" impulsado pola Concellería de Turismo e Patrimonio a través da Red de Juderías de España coa finalidade de promoción e difusión do patrimonio e legado vinculados ás comunidades xudías e criptoxudías alcanzou a máis de 300 persoas nas catro visitas realizadas durante o mes.

A programación incluíu con-



certos, degustación gastronómica Tui, roteiros e proxeccións no coa cena sefardí no Parador de Cine Club Tui.

O facebook "Camiño Portugués" bate récords

O grupo de Facebook "Camiño Portugués. Tui", promovido polo Concello dende xullo de 2020, acadou o récord de 10.000 membros activos. A súa versión en inglés tamén medra ata os 6.750 membros. Os usuarios prestan especial atención ao tramo Ponte de Lima - Santiago e o Camiño Portugués da Costa entre Caminha e Valença. As principais visitas á páxina proveñen a nivel estatal de Madrid, Vigo, Sevilla, Valencia, Málaga, Coruña, Santiago de Compostela e Bar-



celona mentres que a nivel internacional son de Portugal, EEUU, México, Arxentina, Brasil, Italia, Alemaña e Colombia.

Novo patrocinador para o balomán tudense

A clínica tudense Odontoloxía Avanzada Martínez & De Castro, S.L. únese ao patrocinio do Clube Balomán Tui para as tempadas 2025 - 2026 e 2026 - 2027. Así, o equipo pasará a denominarse en tódalas categorías Martínez & De Castro BM Tui.



Historia, música e enoloxía para honrar a Castela



O Concello de Tui sumouse aos actos conmemorativos do Ano Castelao combinando historia, viño e música da man do profesor e histo-

riador Bieito Alonso; da sumiller tudense Marina Cruces e os ritmos de acordeón, guitarra e violín de Alexandre González, Quico Paz Antón e Pancho Álvarez.

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
36860 PONTEAREAS
info@cvpontareas.es

☎ 886 21 61 51
URX. 603 61 02 23

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

A mocidade recupera a memoria histórica

O Concello do Rosal, a través da súa Alcaldesa Ánxela Fernández Callís, e unha vintena de mozos e mozas de entre 19 e 25 anos puxeron en marcha un grupo de traballo pioneiro no municipio para levar a cabo accións de recuperación da memoria colectiva e histórica local.



A metodoloxía de traballo combina lembranza, identidade e futuro. A formación científica do grupo acolle ámbitos tan diversos como a Historia, as Ciencias Sociais, as Ciencias Políticas e da Administración, a creación artística, a comunicación audiovisual ou o tecido cultural.

Portas abertas para coñecer o novo Mercado Municipal

O Concello de Oia organizou unha xornada de portas abertas este 17 de setembro para que profesionais do sector hostaleiro poidan coñecer de primeira man o proxecto e instalacións do novo mercado de Oia. O Concello apostou pola rehabilitación deste inmoble, situado nun lugar estra-



téxico, ao carón da estrada xeral entre Baiona e A Guarda, e moi preto do Camiño de Santiago.

Irmendamento entre as dúas Gondomar

O Concello de Gondomar e a Cámara Municipal de Gondomar (Portugal) e o seu equivalente en Portugal avanza no seu irmendamento tras realizarse un novo encontro



institucional de entrega de diplomas ás e aos participantes que completaron o percorrido dos roteiros entre ámbolos dous municipios.

Baiona sube un 25% as taxas de lixo

O Concello aprobou en pleno a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos. Co apoio da Deputación e da empresa especializada PW Advisory & Capital Services, S.L., o Concello decidiu actualizar esta ordenanza vixente desde 2009 ante o

forte incremento de custes dos últimos 17 anos, aplicando unha suba do 25% na taxa mantendo as bonificacións estipuladas no seu momento ademais dunha do 10% para aquelas persoas voluntarias na recollida selectiva.

O voceiro nacionalista Iago Pereira denunciou esta suba como un "incremento desmesurado" in-

dicando que a veciñanza pagará 97,81€ por persoa por este servizo. Criticou tamén a "desidia e incapacidade" para a limpeza nas parroquias. Así mesmo, o BNG urxiu igualmente ao repintado da Avenida de Sabarís fronte ao supermercado Carrefour así como á colocación de semáforos para a seguridade viaria na PO-552.

A veciñanza narra a memoria colectiva

Baixo o título Novas cantigas oienses, o Concello de Oia pon en marcha un proxecto audiovisual impulsado por Ana Belén Jarrín e Nacho Álvarez con financiamento da Xunta, co obxectivo de rescatar, preservar e celebrar a memoria colectiva local, prestando especial atención á tradición oral e o patrimonio cultural inmaterial.

A iniciativa botou a andar cunha metodoloxía participativa cos veciño/as de seis parroquias: Burgueira, Loureza, Mougás, Santa María de Oia, Pedornes e Vilade-



suso. O Concello pretende promover o emprego, difusión e creación cultural en galego, destacando a

súa riqueza a través da inclusión de xiros locais e variedades xeográficas da lingua do Baixo Miño.

Cinco xeracións baionesas



O alcalde Baiona Jesús Vázquez Almuiña e a concelleira de Política Social Ana Iglesias realizaron unha visita á casa familiar de Dolores González, "Lola", onde

se reúnen cinco xeracións da mesma familia que residen en Baiona. Alí á súa filla Loli, a súa neta Tamara, a súa bisnieta Olaya e a pequena tataranieta Leire, nacida o 27 de agosto.

Unha mirada sobre a Serra da Groba

Entre o 17 e 30 de setembro, o Multiusos Mercado de Sabarís de Baiona acolle a exposición fotográfica de RURALtXA! Sobre a Serra da Groba, que realiza un percorrido polas relacións entre as xentes

co medio, así como pola flora, fauna e hábitats do proxecto. Este proxecto é impulsado pola Universidade da Coruña e a USC e conta coa colaboración do Concello de Baiona para a súa exposición.

"Cartografía de A Raia"

A Casa dos Alonso da Guarda inaugurará o 15 de outubro a exposición "Cartografía de A Raia", organizada polo Concello e o Centro Xeográfico do Exército de Terra

e a Subdelegación de Defensa de Pontevedra. O acto de inauguración contará coa conferencia do tenente coronel ET D. Jorge Abad García, do mencionado Centro Geográfico.

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**CENTRAL
AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.**
Agro - Jardín - Ferretería
comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO 986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

4,3 M de fondos FEDER para o Val Miñor

O proxecto "A cidade dos 15 minutos", solicitado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de axudas do Plan EDIL, que inclúe os concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar, será financiado nun 60% polos fondos europeos FEDER 2021-2027 con 4.365.152 euros dos 7.275.253 millóns do total dos investimentos.

O plan concrétese na creación dun carril-bicí entre Paxón e A Ramallosa que conecte co de Baiona e Gondomar, ou unha senda ciclo-peonil entre o ría Muíños, Porto do Molle e Praia América, ademais da humanización da Avenida de Castelao, a transformación dos cines do centro comercial da Ramallosa nun auditorio municipal e a rehabilitación da histórica Casa Peralba, en Gondomar, para transformala en biblioteca municipal.



Na anterior convocatoria para o reparto de fondos FEDER que fai o goberno do estado, Plan EDUSI, só podían presentarse concellos de máis de 20.000 habitantes, pero a actual, Plan EDIL, permitiu a candidatura a través de Área Urbana Funcional (AUF) formadas por agrupacións de varios concellos. Esta novidade permitiu que obtiveran fondos

FEDER no sur da provincia agrupacións como Nigrán-Baiona-Gondomar, Tomiño-O Rosal e Tui-Salvaterra de Miño, cada un deles conseguindo acceder a súa "senda de financiación" de 4.365.152 euros, para ir financiando o 60% do importe dos proxectos segundo se vaian realizando e sempre antes de decembro de 2029.

A Xunta fará unha senda que rodeará o monte Santa Tegra cun investimento de 1,6 M€

O Consello de la Xunta acordou someter a información pública o proxecto unha senda ciclopeonil nun treito de 3km, na PO-352, que comunica A Guarda con Campsancos e a zona de praias, así como a zona deportiva da Sangriña, cun investimento estimado que supera os 1,3 millóns de euros. Esta actuación permitirá habilitar un itinerario continuo para

peóns e ciclistas, aproveitando o espectacular trazado que circunvala a montaña.

O proxecto técnico prevé a construción dunha senda paralela á estrada, cunha sección tipo de 2 metros de ancho e executada en formigón coloreado. Prevese a construción de once muros de contención e a execución de 365 metros de cunetas de seguridade, e obras de drenaxe. A senda si-

tuarase á mesma cota que a calzada, pero separada dela por unha berma intermedia, unha previsión que permitirá futuras ampliacións da vía sen afectar o itinerario peonil e ciclista.

A previsión da Consellería de Infraestruturas é que, tras o período de información pública dun mes e a posterior aprobación do proxecto, as obras se liciten no primeiro semestre de 2026.

Accións contra o furtivismo

No marco das súas labores contra o furtivismo, o servizo de Gardacostas de Galicia, dependente da Consellería de Mar da Xunta, realizou decomisos de gran envergadura na contorna de A Guarda de 2.250 cacharros de polbo e 194 quilos deste cefalópodo que foron devoltos con vida ao mar. Na actuación participaron catro embarcacións: a Mar de Galicia,



Punta Roncadoira, Valentín Paz de Andrade e Irmáns García Nodal.

"Novas Xeracións" para captar talento coral no Rosal

O Coro Infanto-Xuvenil da Agrupación Musical do Rosal presentou este 19 de setembro no Auditorio Municipal o seu primeiro videoclip, titulado "Novas Xeracións", un proxecto, pioneiro no seu ámbito que conta co apoio da Federación Coral Galega (FECOGA) A iniciativa busca reforzar a

visibilidade do movemento coral xuvenil e promover valores fundamentais como a convivencia, o traballo en equipo e a creatividade. Destaca polo seu elevado compoñente dixital a través dun produto audiovisual pensado para a mocidade e adaptado aos formatos de consumo actuais.

Música para a formación na escola de música de Baiona

A Escola Municipal de Música de Baiona está a levar concertos didácticos ás escolas infantís para espertar o interese pola música. Entre eles destaca o obradoiro "Música e Movemento" enfocado nas idades entre 4 e 6 anos.

A escola ofrece clases de pia-

no, trompeta, trombón, tuba, clarinete, saxofón, gaita, baixo eléctrico, violín, viola, guitarra, canto e percusión, ademais das actividades colectivas como coro, banda e batucada. A matrícula estará aberta durante todo o mes de outubro.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

MISCELANEA

Abel Caballero marca a pauta de cara ás municipais 2027

Vigo é hoxe un modelo en España e unha das grandes cidades de Europa". Con grandilocuencia, o Alcalde Abel Caballero reuniu no hotel Ciudad de Vigo a máis dun centenar de militantes e simpatizantes ademais de concelleiro/as municipais para ofrecer balance da súa xestión así como analizar a situación política actual.

O acto serviu para marcar a axenda política local de cara ás eleccións municipais de 2027. Entre as prioridades de cara ao final do seu actual mandato en 2027, Caballero destacou a venda; a transformación ecolóxica;



e os avances tecnolóxicos para impulsar a economía, salientando a "fábrica de microchips que estamos levando a cabo, unha das tres existentes en Europa ademais

de Alemaña e Francia". Reclamou tamén unha Facultade de Medicina para a UVigo como o protagonismo para o estadio de Balaídos de cara ao Mundial 2030.

Galicia axuda cos dereitos humanos en Centroamérica

Representantes da Comisión Executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade escoitaron en Cartelle o testemuño da salvadoreña Milagro Alvarado, da Colectiva Feminista, e das guatemaltecas Juventina López, da Asociación Indígena Agropecuaria Pro-Desarrollo Integral (ASIAPRODI), e Ana Donis, de Mujeres Transformando el Mundo, que participan no programa Galicia Abrega de



acollemento temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos.

O Fondo achega 10.000€ de axudas para este programa.

Plan Estratéxico para a Xuventude

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, presentou a segunda edición do Plan +Xuventude, que eleva o seu orzamento ata os 120.000 euros de subvencións para 22 agrupacións provinciais. López adiantou que se aprobará en breve o Plan Estratéxico para a Xuventude como folla de ruta para mobilizar unha



serie de programas orientados á mocidade nos que, desde 2023, o

ente provincial ten investido máis de 2,5M€.

2.300M€ para Navantia

O secretario de Transición Enerxética e Planificación Industrial do PSdeG, Ángel Mato, informou da concesión de 2.300M€ a Navantia en Ferrol, exento do pago de intereses e no que 1.660M€ se destinará a iniciar a modernización das fragatas F-100 e a construción para a Armada do buque de aprovisionamento en combate (BAC) que substituirá ao Patiño. Outros fondos se destinarán a proxectos como a fa-



bricación dun buque oceanográfico, outro de acción marítima destinado a tarefas de intelixencia, e a modernización dos buques de asalto anfíbio Galicia e Castilla.

PSdeG condena o "discurso incendiario" da ultradereita en Monforte

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, advertiu dende Pontevedra contra "o discurso do odio" e chamou a plantarse ante a ideoloxía ultra que o promove tralas críticas deses sectores a que a Xunta acolla a nenos e nenas migrantes que sufriron un ataque con artefactos incendiarios.

Durante a súa participación na feira Pont-Up, Besteiro aproveitou para reclamar a gratuidade da AP-9 tomando en conta o vencemento do prazo en Bruxelas sobre a prórroga da concesión asinada no ano 2000 polo Go-



verno de Aznar. Indicou que foron os gobernos socialistas "os quen puxeron en marcha o 50% e logo o 75% de descontó" nesa autoestrada.

AMTEGA reflexiona sobre a IA e a seguridade de datos

Con profesionais da USC e centros tecnolóxicos, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) acolleu unha xornada de debate sobre as oportunidades que representa a IA para o emprego, o desenvolvemento

social con criterios éticos e a información veraz. Por outra banda, un total de 70 empregados públicos participaron tamén na cuarta edición do Curso superior en protección de datos, organizado AMTEGA e o Nodo CIBER.gal.

www.novasdоеixoatlantico.com

PINTURAS
BARCO LEÓN
 PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES
 PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

IRIS COLOR

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 688 571 679. Ponteareas
 Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
 abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
 Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Dous Premios Nobel no Vigo Global Summit 2025

A Zona Franca presentou en Vigo a segunda edición do congreso internacional Vigo Global Summit que, baixo o lema "Liderando e transformando a economía", acollerá os días 12 e 13 de novembro no Auditorio Mar de Vigo a unha vintena de líderes mundiais.

Nesta edición destacan a presenza de dous Premios Nobel. Un deles é o Nobel de Economía 2024, o economista turco Daron Acemoglu, autor do célebre libro "Why Nations Fail" ("Por qué fracasan as nacións") e un dos economistas máis influentes do mundo. O outro é Dimitry Muratov, Premio Nobel da Paz 2021, un



xornalista ruso crítico con Vladimir Putin e fundador do xornal Nóvaya Gazeta, onde tamén colaboraba a célebre xornalista asasinada en 2006, Anna Politkóvskaya.

A dixitalización, a automatización, a IA, a fotónica, a cuán-



tica e a robótica serán temáticas a analizar neste cumio que incorpora como entidade colaboradora a APD (Asociación para o Progreso da Dirección) e Stellantis & you como vehículo oficial do Congreso.

A arte une á Zona Franca e o MARCO

Coa presenza do Alcalde Abel Caballero, a Zona Franca de Vigo asinou un convenio de colaboración coa Fundación MARCO coa intención de consolidar a súa colección de arte, na que destacan medio centenar de obras de artistas como Pradilla, Laxeiro, Sotomayor, Maruja Mallo, la saga Quesada, Lodeiro, Antón Patiño o Silverio Rivas, entre outros, así como fomentar a creatividade cultural. O acordo establece a creación



dunha comisión asesora que estudará oportunidades para a adquisición de novas obras por parte de Zona Franca.

Xunta e univesidades en prol do galego

A Xunta e as tres universidades galegas poñen en marcha unha campaña conxunta, "O galego xa é teu", para o fomento do uso da lingua, mediante un convenio a través do que o Goberno autonómico achega 30.000€. A iniciativa, coordinada pola Comisión Interuniversitaria de Normalización Lingüística, foi presentada polo secretario xeral da Lingua, Valentín García, destacando que "se trata da pri-



meira acción deste tipo que se desenvolve entre as tres institucións académicas" co foco no Pacto pola Lingua impulsado polo goberno galego. A Xunta lanzou hai meses a campaña Saca a lingua que levas dentro.

"O Gran Camiño" boicotea a Israel

A organización da vindeira edición da proba ciclista "O Gran Camiño" que desde 2022 percorre a ruta histórica do Camiño de Santiago incluíndo Portugal, anunciou que "se o regulamento o permite", non volverá a convidar ao equipo Israel Premier Tech, curiosamente gañador da edición 2025.

Indicaron as fontes organizadoras que en caso de que a Unión Ciclista Internacional (UCI) impoña a participación deste

equipo propiedade do millonario israelí Sylvan Adams (aliado de Netanyahu), dous dos patrocinadores deste evento, as Deputacións da Coruña e de Lugo (ámbalas dúas gobernadas polo bipartito PSOE-BNG) retirarán o seu patrocinio se Israel Premier Tech finalmente termina competindo. A edición 2025, realizada seis meses antes que A Volta a España, xa rexistrou numerosas manifestacións pro-palestinas.

ZONA FRANCA VIGO

Líderes en innovación

A Zona Franca de Vigo, clave na soberanía tecnolóxica de España e Europa. O VgoTIC globalHUB converterase no principal polo tecnolóxico e de innovación e reforza o emprego tecnolóxico que, cunha porcentaxe do 13,4%, lidera o ranking das grandes urbes do Estado de máis de 200.000 habitantes e duplica a media estatal do 6%.

A Zona Franca non só contribúe co seu músculo a esta posición senón que a reforza coa instalación no complexo de López Mora da incubadora de Alta Tecnoloxía StartTIC e do Centro de Excelencia do Aeroespacial y Defensa de INDRA.



A RAG mira ao futuro

As académicas María López-Sández e María Dolores Sánchez Palomino, membros da comisión executiva da Real Academia Galega, acompañaron ao secretario de Estado de Política Territorial, Arcadi España García, nunha visita ás obras da sede da institución, na rúa Tabernas 11 da Coruña, que está a ser rehabilitada con fondos estatais.



O percorrido realizouse coincidindo co Día Europeo das Linguas, que se celebrou no Congreso dos Deputados coa asistencia do presidente da RAG, Henrique Monteagudo. A RAG mantén un legado material de gran valor, composto por máis de 60.000 libros, unhas 3.000 publicacións periódicas, máis de 30.000 documentos e unhas 100.000 fotografías.

Alianza con Quebec

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, participou nunhas xornadas de traballo en Quebec organizadas pola Alianza Libre Europea para poñer en valor as relacións entre os diferentes partidos e movementos soberanistas. A delegación contou tamén con membros da Fundación Coppieters e das xuventudes da ALE e foi recibida no Parlamento de Ottawa polo Bloc Quebecois, así como polo Parti Quebecois e as súas mocidades. Miranda tamén mantivo un encontro coa "Marcha por Ot-



tawa", para transmitir á solidariedade do BNG no día no que se recoñeceu o xenocidio desde a ONU.

Homenaxe ao represaliado Francisco Miguel

A Coruña rendeu homenaxe ao pintor Francisco Miguel Fernández Díaz, quen fora asasinado en Oleiros a mans das forzas fascistas no ano 1936 e cuxos restos mortais foron exhumados no ano 2023 no cemiterio de Bértoa (Carballo). A Alcaldesa Inés Rey realizou un acto institucional xunto cos alcaldes de Carballo e Oleiros, Evencio Ferrero e Ángel García Seoane para, posteriormente, celebrar unha cerimonia fúnebre no cemiterio municipal de San Amaro, onde descansan os seus restos mortais.



Este homenaxe contou coa colaboración da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, a Asociación Cultural Alexandre

Bóveda, diversas asociacións e entidades coruñesas, do grupo de investigación da escritora Syra Alonso e a Deputación da Coruña.

O rural galego ten voz en Bruxelas

Un grupo de 15 mozos e mozas de Brión, Bueu, Monfero, Silleda e Viana do Bolo foron ata Bruxelas para trasladar ante o Parlamento Europeo as demandas da mocidade do rural galego. Foron recibidos

polos eurodiputados Francisco Millán Mon, do PP; Nicolás González Casares, do PSOE; e Ana Miranda, do BNG. O grupo actúa en representación do proxecto Red Compás, integrado na convocatoria Erasmus Plus KA154.

BNG Redondela esixe mais recursos para o VioXen

A concelleira nacionalista Jéscica García Cruz faise eco das carencias detectadas no VioXen, o servizo de atención a mulleres maltratadas en Redondela, destacando a inexistencia dunha vivenda de acollida en condicións para estas mulleres e os seus fillos e fillas.

Indicou que no municipio existen preto de 40 mulleres en

situación de violencia de xénero que necesitan atención pero que tanto a Alcaldesa Digna Rivas (PSOE) como a concelleira de igualdade Iria Vilaboa "non se preocuparon por buscar unha solución". García Cruz pediu igualmente a dotación dunha segunda policía local para o servizo VioXen, sen obter resposta algunha polo Concello.

Clausura do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles

Tras 25 anos de duración chega ao seu fin o Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles fundado en 2000 polo profesor Francisco Peña, ambientalista, Fillo Predilecto de Ponteareas e colaborador de Foro A Peneira. O evento de

clausura será o 30 de outubro en Santiago de Compostela, nun acto que contará coa colaboración da concelleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez.

O programa, que contou co apoio da OMS así como do Rei

Felipe VI, quen recibiu a Presidencia de Honra, foi pioneiro en materia de xestión ambiental e promoción da saúde en 265 Concellos de Galicia, Asturias e Castela e León, destacando os seus Cursos de Saúde Ambiental.

Nacen os Premios do Castro á Xestión Cultural

A primeira edición dos Premios do Castro á Xestión Cultural Galega promovidos pola AGPXC vaixe celebrar 16 de outubro no Pazo de Mariñán den-

tro da xornada O papel da xestión cultural no fortalecemento da cultura, na que se van presentar recursos e perspectivas laborais para o autocoidado das persoas

que traballan nesta área da cultura. A xornada rematará coa entrega dos primeiros Premios como homenaxe a Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias "Mimina".

A CIG chama á folga por Gaza

Baixo o lema "Tamén no traballo paremos o xenocidio", a CIG convocou a unha folga laboral de catro horas o vindeiro 15 de outubro a fin de protestar contra o xenocidio en Gaza. Os horarios da folga se-

rán de 22:00 a 02:00 na quenda nocturna, de 10:00 a 14:00 na da mañá e de 18:00 a 22:00 na tarde. A central sindical animará igualmente a realizar mobilizacións ese día nas principais cidades galegas ás 19:30 horas.


Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61


CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834